

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION EXTRAORDINARIA DO 8 DE SETEMBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velo Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José M.
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio J.
Porro Martínez, M^a Corina
Relova Quinteiro, Roberto F.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás once horas e corenta e seis minutos do día oito de setembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, López-Chaves Castro, Porro Martínez, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Velo Ríos, actuando como

Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

1.- (199).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a urxencia da sesión.

2.- (200).- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 59/2011.
EXP. 7995/101 (305/1101).

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 30 de agosto de 2011, a Alcaldía -Presidencia resolveu a incoación dunha modificación de crédito, crédito extraordinario, por unha contía de 10.726.287'86, para dar cumprimento á sentenza núm. 266/06, sentenza de apelación núm. 711/2008, auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.1 do 9 de febreiro de 2010, 22 de marzo de 2011 e de 20 de xullo de 2011, recaídos contra o Concello pola demanda de Miraflores Vigo, S.A.

En cumprimento do anterior, con data 30 de agosto, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a seguinte proposta:

“Como consecuencia da modificación do decreto do Sr. Alcalde de data 9/08/11, de acordo coa documentación recibida xustificativa da sentenza, na que se detectou un erro na cuantificación da débeda por importe de 86 céntimos, se procede á modificación da proposta de data 24/08/11 nos seguintes termos:

- Modificación orzamentaria núm. (59/2011), crédito extraordinario
- Finalidade: Pago sentenza Miraflores Vigo, SA
- Órgano: Pleno da Corporación

Antecedentes

A orixe do procedemento xudicial ten o seu inicio no RCA nº 219/2004, coa apelación nº 4142/2007 e o auto resolutorio do incidente de execución do 22 de marzo de 2011.

O obxecto do recurso foi a desestimación presunta da solicitude de Miraflores Vigo, SA, de recoñecemento de responsabilidade contractual polo incumprimento do convenio urbanístico aprobado polo Pleno con data 27 de novembro de 1992.

O obxecto do incidente de execución foi a determinación do valor dos aproveitamentos urbanísticos e do importe dos prexuízos causados a indemnizar polo Concello de Vigo.

As resolucións xudiciais foron as seguintes:

- Sentenza do Xulgado nº 266/2006, do 10 de outubro de 2006.
- Sentenza de apelación nº 711/2008, do 16 de outubro de 2008.
- Auto resolutorio do incidente de execución do 9 de febreiro de 2010.
- Auto resolutorio do incidente de execución do 22 de marzo de 2011.
- Auto resolutorio de desestimación do plan de pagamento do 20.07.11.

Ao obxecto de artellar os procedementos orzamentarios necesarios para dar cobertura ao cumprimento da sentenza indemnizatoria pola ocupación de bens da Mercantil Miraflores Vigo, SA, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, iniciouse o expediente de incoación dunha modificación orzamentaria (crédito extraordinario), que se fundamenta no auto do 20 xullo de 2011 do Sr. Xuíz en relación coa desestimación dos plans de pagamentos remitidos.

EXPEDIENTE QUE SE TRAMITA

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente do 30 de agosto de 2011, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (59/2011), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: documentación relacionada co asunto (autos, sentenza, escritos, etc) e resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer para poñer fin ao devengo de xuros de demora e polo tanto un prexuízo para o orzamento e a tesourería.

A vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formúlase ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a modificación orzamentaria nº 59/2011, pola vía de URXENCIA por unha contía de 10.726.287,86 euros, para facer fronte á sentenza nº 266/06, sentenza

de apelación nº 711/2008, Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 do 9 de febreiro de 2010, 22 de marzo de 2011 e de xullo de 2011 en relación coa mercantil Miraflores Vigo, SA.

A modificación orzamentaria que se está a tramitar e que se somete a consideración do Pleno da Corporación, financiarase en parte con baixas por anulación nas aplicacións que máis abaixo se relacionan e o resto con cargo ao remanente líquido de Tesourería dispoñible da liquidación do orzamento do ano 2010. As baixas e anulacións, teñen a súa orixe no préstamo concertado co BBVA para financiar o plan de investimentos do ano 2011.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son as seguintes:

Aplicación/ Concepto	Proxecto	Concepto	Aplicación dos fondos		Orixe dos fondos	
			Inic.	Aumento	Baixa	definitivo
1510.60000 01	111510 01	Indemnización Miraflores	,00	10.726.287, 86		
1550.61900 26	111550 26	Mell. cont. P.Independencia,1ª Fase			250.000,00	,00
1550.61900 28	101550 28	Humaniza. Rúa Aragón, 2ª Fase			250.000,00	,00
1550.61900 30	111550 30	Mell. Rúa Troncoso, 1ª Fase			200.000,00	,00
1550.61900 36	111550 36	Mell. Rúa Colombia, 1ª Fase			200.000,00	,00
1550.61900 37	111550 37	Subida ao CUVI-Beade			250.000,00	,00
1550.61900 45	111550 45	Humaniz. contorno Parque Castrelos			100.000,00	,00
1550.61900 46	111550 46	H cont.Casás Matamá-Paz, Comesaña			120.000,00	,00
1550.61900 61	111550 61	Humaniz. contorno Rúa Toledo			100.000,00	,00
1550.68900 91	111550 92	Escultur contorno Praia de Bouzas			100.000,00	,00
1710.60900 00	111710 00	Fonte Pr. da Miñoa			50.000,00	,00
1710.61900 01	111710 01	Melloras zonas verdes rotondas e vias			100.000,00	,00
1710.61900 02	111710 02	Remodelación praza da Miñoa			50.000,00	,00
1710.61900 03	111710 03	Recuperación zonas verdes			100.000,00	,00
1710.61900	111710	Axardinamento contorno Balaídos			100.000,00	,00

04	04					
1710.61900 06	111710 06	Remodel. Xardíns Gran Vía			100.000,00	,00
1710.61900 07	111710 07	Axardinamento Rúa Teuxugueiras			60.000,00	,00
1710.61900 08	111710 08	Axardinamento Parq. Rivera Atienza			60.000,00	,00
1710.61900 11	111710 11	Axardinamento Med. Avd. Castelao			60.000,00	,00
1720.61000 01	111720 01	Mellora ambiental Río Lagares			80.000,00	,00
2310.63200 01	112310 01	Adq e Reforma Centros Serv. Sociais			125.000,00	225.000,00
2410.63200 00	102410 00	Escola Infantil M. Goldar, 2ª Anualid.			160.000,00	,00
3210.62200 01	113210 01	Const. Esc. infantil Lavadores, 1ª Anual.			75.000,00	,00
3210.62200 02	113210 02	Const. Esc. infantil Aseara, 1ª Anual.			75.000,00	,00
3210.62200 03	113210 03	Const.. Esc. infantil Navia, 1ª anual.			75.000,00	,00
3210.62200 04	113210 04	Const.. Esc. infantil Doblada, 1ª Anual.			75.000,00	,00
3210.62500 00	113210 00	Mobl. Equip. Escolas infantís			125.000,00	40.000,00
3210.62900 08	113210 08	Maquinaria equipos mantemento			20.000,00	,00
3331.62900 03	113331 03	Equip. Museo da Radio			50.000,00	,00
3340.62200 00	113340 00	Adquisición local biblioteca			100.000,00	,00
3340.62200 01	113340 01	1ª Fase centro Social a Miñoca			100.000,00	,00
3340.63200 01	113340 02	Adecu. local museo xoguete Fase I			200.000,00	,00
3360.61900 01	113360 01	Melloras casco vello			190.000,00	30.000,00
3360.62200 55	104531 55	Adec. proxecto expositivo			92.000,00	
3410.60900 58	104521 58	Melloras inst. deport. Par. Barreiro			60.000,00	90.000,00
3410.61900 01	113410 01	Melloras contorno Pavillón de Coia			50.000,00	,00
3410.61900 02	113410 02	Mellora contorno pavillón Navia			200.000,00	30.000,00
3410.62200 00	113410 00	Campo fútbol e grada Barreiro/Madroa			600.000,00	,00

9240.62200 05	119240 05	Creación centros de estudo			100.000,00	,00
9240.62500 06	119240 06	Mobiliario e equipamento			10.000,00	,00
9240.62600 07	119240 07	Equipos informáticos			20.000,00	,00
870.00		Remanente de Tesourería G. Xerais			5.894.287,86	
TOTAL ORIXES E APLICACIÓNS					10.726.287, 86	10.726.287,8 6

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por un importe de 10.726.287,86 euros, teñen a súa orixe en baixas doutras aplicacións por unha contía de 4.832.000 euros, sendo reducibles en todos os casos, xa que non existen créditos retidos, autorizados ou comprometidos con cargo ás devanditas aplicacións e, o resto, por unha contía de 5.894.287,86 euros, finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñible da liquidación do orzamento do ano 2010.

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Unha vez cos créditos sexan executivos, procederase a facer o pagamento de acordo á resolución xudicial na forma que o Sr. Xuíz estableza.”

Con 2 de setembro, **a técnica de tesourería e xestión de ingresos da Xerencia Municipal de Urbanismo**, informa do que segue:

“A petición da Concelleira de Facenda deste Concello de Vigo procédese no presente informe a actualizar o cálculo do importe a abonar á entidade mercantil “Miraflores Vigo, S.A.” recollido no informe do Xefe dos Servizos Centrais de data 24 de marzo de 2011, en relación cos autos de datas 9 de febreiro de 2010 e 22 de marzo de 2011 do Xulgado Contencioso Administrativo número 1 de Vigo.

En virtude de resolución de data 9 de febreiro de 2010, o Maxistrado-Xuíz do

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo decide “cifrar en 5.157.910,39 euros o valor do aproveitamento urbanístico prometido polo Concello de Vigo a Miraflores Vigo, S.A., no ano 1992, a cuxo pagamento a esta mercantil ven obrigado o Concello” , engadindo que “a liquidación de intereses desta suma, así como a concreción dos gastos (e dos seus intereses correspondentes) efectuarase en ulterior tramitación”.

Asemade, no fundamento xurídico segundo do citado auto exprésase que:

“A sentenza firme que ten que ser executada analiza os efectos que o incumprimento dun convenio urbanístico por parte da Administración municipal ten que desprezar a favor da outra parte (neste caso, a empresa Miraflores Vigo S.A.), e os deriva en tres direccións:

- 1) o valor do aproveitamento urbanístico,
- 2) os intereses legais desta cantidade e
- 3) os gastos efectivamente realizados pola empresa en pos da materialización da materialización de dito aproveitamento, prometido pero frustrado.”

Segundo este esquema, cuantifícase o importe a aboar á entidade mercantil “Miraflores Vigo, S.A.”, en execución da sentenza do 10 de outubro de 2006 e da citada resolución xudicial do 9 de febreiro de 2010 e sen prexuízo de que o “quantum” definitivo sexa determinado xudicialmente.

VALOR DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO.

O valor do aproveitamento urbanístico é cifrado, como xa se sinalou, na parte dispositiva do citado auto xudicial, importando 5.157.910,39 euros.

INTERESES LEGAIS DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO.

De conformidade co fundamento xurídico segundo o “dies a quo será o 31 de xaneiro de 1994”. Calcúlanse, pois, os intereses legais de 5.157.910,39 euros desde esa data ata o 15 de outubro de 2011, día no que se estima que poderá facerse efectivo o aboamento:

Ano	Base	Tipo	Días devengados	Euros
1994	5.157.910,39	0,0900	335	426.057,53
1995	5.157.910,39	0,0900	365	464.211,94
1996	5.157.910,39	0,0900	365	464.211,94
1997	5.157.910,39	0,0750	365	386.843,28
1998	5.157.910,39	0,0550	365	283.685,07
1999	5.157.910,39	0,0425	365	219.211,19
2000	5.157.910,39	0,0425	365	219.211,19
2001	5.157.910,39	0,0550	365	283.685,07
2002	5.157.910,39	0,0425	365	219.211,19
2003	5.157.910,39	0,0425	365	219.211,19
2004	5.157.910,39	0,0375	365	193.421,64
2005	5.157.910,39	0,0400	365	206.316,42

2006	5.157.910,39	0,0400	365	206.316,42
2007	5.157.910,39	0,0500	365	257.895,52
2008	5.157.910,39	0,0550	365	283.685,07
2009	5.157.910,39	0,0550	90	69.949,74
2009	5.157.910,39	0,0400	275	155.443,87
2010	5.157.910,39	0,0400	365	206.316,42
2011	5.157.910,39	0,0400	288	162.792,13
Intereses de 31/01/1994 a 15/10/2011:				4.927.676,81

GASTOS INDEMNIZABLES A "MIRAFLORES VIGO, SA" POLO INCUMPRIMENTO DO CONVENIO.

Tómase como base o importe de 554.318,11 euros, incluído nos informes emitidos polo xefe dos Servizos Centrais de datas 26 de febreiro de 2010 e 24 de marzo de 2011, como consecuencia do auto do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, de data 9 de febreiro de 2010, no que se detallaban os gastos indemnizables e o cálculo de intereses realizado individualmente para cada concepto.

Como se expresou nos citados informes, neste caso, o "*dies a quo*" o constitúe, para cada gasto, a data na que o mesmo se produce, e establecíanse os intereses devengados ata o 24 de marzo de 2011 en 202.258,89 euros. O día final do cálculo vólveo constituír a 15 de outubro de 2011 como data máxima estimada de aboamento, de tal forma que os intereses vense incrementados en 12.453,18 euros. De forma global, os gastos indemnizables máis os intereses ascenden a 769.030,18 euros.

GASTOS INDEMNIZABLES A MIRAFLORES SA:

Gastos indemnizables:	554.318,11
- Intereses a 24/03/2011	202.258,89
- Intereses de 24/03/2011 a 15/10/2011	12.453,18
Total intereses a 24/03/2011	<u>214.712,07</u>
TOTAL	769.030,18

CONCLUSIÓN E SÍNTESE DA CUANTIFICACIÓN REALIZADA:

En consecuencia, a xuízo desta técnica e de acordo coa información de que se dispón, o importe a aboar a "MIRAFLORES VIGO, SA", sería o seguinte:

1.- Valor aproveitamento urb. (s/auto xudicial do 09.02.10)	5.157.910,39 €.
2.- Intereses legais do aproveitamento urbanístico	4.927.676,81 €.
3.- Gastos indemnizables a "Miraflores Vigo, SA"	<u>769.030,18 €.</u>
TOTAL	.10.854.617,38 €.

Con data 2 de setembro de 2011, **a xefa de fiscalización, coa conformidade do interventor xeral**, emite o seguinte informe:

“Recíbese ás 12:45 do día 25 de agosto de 2011 nesta Intervención Xeral o expediente arriba referenciado, solicitando a Concelleira de Economía e Facenda a esta Intervención a emisión do correspondente informe de fiscalización á maior brevidade posible; procedéndose a súa devolución coa mesma data a fin de que se incorporase documentación relativa ás partidas que compoñen a débeda, requisito necesario para converter a citada cantidade nun gasto específico e determinado.

O expediente tivo entrada de novo nesta Intervención Xeral o día 31 de agosto ás 10:55, polo que, coas limitacións derivadas do escaso tempo dispoñible na análise do contido do expediente en relación coa magnitude das obrigas económicas ás que se pretende facer fronte, ao abeiro do artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítase o seguinte informe:

ANTECEDENTES

A orixe do procedemento xudicial ten o seu inicio no recurso contencioso administrativo nº 219/2004 contra a desestimación presunta da solicitude da mercantil “Miraflores Vigo S.A.”, de recoñecemento de responsabilidade contractual polo incumprimento do convenio urbanístico aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con data 27 de novembro de 1992.

No fallo da Sentenza nº 266/2006 de data 10 de outubro de 2006 do Xulgado Contencioso á mercantil “Miraflores Vigo, S.A.”, por incumprimento contractual, nas cantidades referidas no Fundamento Xurídico 7º desta sentenza, e que se calcularán en execución de sentenza, nos termos alí fixados, con imposición das custas causadas neste procedemento á demandada. Desá resolución tomou coñecemento o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión realizada o día 8 de febreiro de 2007.

Esta sentenza de primeira instancia recorreuse en apelación polas partes do proceso, e neste procedemento ditouse resolución definitiva polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data **16 de outubro do 2008 (Sentenza de apelación nº 711/2008)** ratificando o fallo de primeira instancia ao desestimar o recurso de “Miraflores Vigo, S.A.”, e estimar parcialmente o de apelación interposto polo Concello exclusivamente no referente ás costas.

Esta última resolución, que ten carácter firme, notificouse ao Concello de Vigo no mesmo mes de outubro en que se ditou, e da mesma deuse conta ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 14 de maio de 2009. Esta notificación determina a apertura do prazo que ten a Administración para a execución voluntaria da sentenza.

Tras ser promovido incidente de execución de sentenza, finalmente o órgano xurisdiccional ditou Auto de data **9 de febreiro do 2010**, por medio da cal dispón que cifra en 5.157.910,39 euros o principal da indemnización a aboar, equivalente ao valor do aproveitamento urbanístico prometido polo Concello de

Vigo a “Miraflores Vigo, S.A.” no convenio asinado entre ambos no ano 1992 e por cuxo incumprimento a sentenza condena a esta Administración municipal a indemnizar á mercantil, engadíndose no Auto que a liquidación de intereses desta suma, así como a concreción dos gastos (e os seus intereses correspondentes) efectuaríase en ulterior tramitación.

Como consecuencia da admisión dunha reclamación ao orzamento do Concello inicialmente aprobado para o exercicio 2010, consignouse no orzamento do OA Xerencia Municipal de Urbanismo para o dito ano unha aplicación orzamentaria específica por unha contía de 10.993.115,92 euros para facer fronte ao pagamento da sentenza, vinculándose a mesma ao alleamento do Patrimonio Municipal do Solo polo mesmo importe. Finalmente os procedementos públicos de poxa que se tramitaron fracasaron por falta de concurrencia.

En novo **Auto** de fecha **22 de marzo de 2011** o órgano xurisdiccional acorda ordenar se proceda á inmediata execución da Sentenza e requirir ao Concello para que no prazo de tres meses (contados a partir do seguinte a súa notificación, que tivo lugar o 23/03/2011), acredite nos autos da execución o esgotamento da executoria, co apercibimento á Autoridade ou funcionario responsable da imposición de multas coercitivas, por semana de demora na execución, conforme ao previsto no artigo 112 da Lei 29/1998 reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (en adiante LXCA).

No propio Auto establécese que, sen prexuízo de ulterior concreción, a cantidade adebedada á mercantil “Miraflores Vigo S.A.” a data 26 de febreiro de 2010 fíxase en **10.481.522,78 euros**. Tamén dispón que os intereses legais incrementaríanse en dous puntos se transcorrido o prazo de tres meses non se produce o pagamento.

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de maio de 2011 acorda elaborar e propor ao Sr Xuíz un plan de extinción da débeda en tres pagos (débeda que tras ser actualizada a data 24/03/2011 elévase a 10.726.287,00 euros), de xeito que no ano 2011 se pagaran 7.157.910,39 euros, no ano 2012 a cifra de 1.800.000 euros e no ano 2013 o resto por importe de 1.768.376,61 euros.

Posteriormente a Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2011 acorda deixar sen efecto o anterior acordo de data 4 de maio, e propón ao Xuíz un novo plan de pagamento do citado importe, consistente en aboar a débeda en cinco anualidades (2011-2015), a razón de 1.500.000 euros en cada unha, salvo a última que sería de 4.726.287,00 euros.

En relación a estes dous acordos nos que se propoñían plans de pagamentos en relación ás cantidades adebedadas por este Concello, facer constar que non foron sometidos a informe desta Intervención Xeral, que tivo coñecemento dos mesmos pola remisión dos acordos adoptados realizada pola Secretaría da Xunta de Goberno Local.

O **20 de xullo de 2011** o órgano xurisdiccional dita novo Auto no que resolve non acceder ao fraccionamento do pagamento solicitado e manter os termos do Auto

de 22/03/2011 coa única modificación consistente na ampliación nun mes (contado desde a notificación desta resolución) do prazo máximo ou termo final da execución do xudicialmente resolto.

En data 5 de agosto recíbese nesta Intervención Xeral escrito da Asesoría Xurídica "Comunicación de Auto do 20 de xullo de 2011 e proposta de actuación executoria" instando a correspondente tramitación derivada da aplicación da previsión contida no artigo 106 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, segundo a cal:

"Cuando la Administración fuere condenada al pago de cantidad líquida, el órgano encargado de su cumplimiento acordará el pago con cargo al crédito correspondiente de su presupuesto que tendrá siempre la consideración de ampliable. Si para el pago fuese necesario realizar una modificación presupuestaria, deberá concluirse el procedimiento correspondiente dentro de los tres meses siguientes al día de notificación de la resolución judicial.

A la cantidad a que se refiere el apartado anterior se añadirá el interés legal del dinero, calculado desde la fecha de notificación de la sentencia dictada en única o primera instancia."

A estes efectos esta Intervención no seu escrito de contestación de data 8 de agosto, puxo de manifesto que:

- *"Como se ven informando reiteradamente non existe aplicación presupostaria para facer fronte ás cantidades que se adebedan en virtude deste sentenza.
Facer constar que no orzamento de 2010 coma consecuencia dunha reclamación ao orzamento habilitouse unha partida presupostaria para facer fronte ás indemnizacións que se derivan desta sentenza, pero este crédito estaba vinculado a uns ingresos afectados (alleamento de parcelas do PMS) que non chegaron a materializarse polo que non se puido empregar.*
- *Non corresponde a esta Intervención a incoación nin a instrución dos expedientes de modificación orzamentaria, senón a emisión de informe preceptivo á proposta que se eleve ao órgano competente para resolver segundo os supostos.
En calquera caso o procedemento, órganos competentes e demais aspectos formais que deban observarse nos expedientes de modificación orzamentaria sen excepción algunha se establecen na Base 8ª das de execución do orzamento, o contido da cal me remito.*
- *Ao abeiro do artigo 103 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e do artigo 173 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais é obrigado cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignen.*
- *O prazo de tres meses que se deu na Auto do 22 de marzo de 2011 para o cumprimento da sentenza é o que establecen os artigos 173 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 106 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

- Segundo o artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas a tramitación dos expedientes de modificación de crédito están suxeitos ás mesmas normas de reclamación, información e publicidade que as do Orzamento Xeral.
- Sen prexuízo do exposto anteriormente, indicar que non se precisa neste momento procesual a intervención deste órgano fiscalizador polo que se devolve a fotocopia da “Comunicación do Auto do 20 de xullo de 2011 e proposta de actuación executoria” da Titular da Asesoría Xurídica para que de ser o caso se remita o correspondente expediente a esta Intervención no momento procesual oportuno, observando que dado o perentorio dos prazos de execución se aconsella celeridade. En todo caso tómase coñecemento da información que se comunica.”

Non é ata o 25 de agosto de 2011 ás 12:45 cando esta Intervención Xeral recibe por primeira vez o expediente que agora se informa con carácter de urxente, procedéndose a súa devolución coa mesma data a fin de que se incorporase documentación relativa as partidas que compoñen a débeda, requisito necesario para converter a citada cantidade nun gasto específico e determinado. O expediente tivo entrada de novo nesta Intervención Xeral o día 31 de agosto as 10:55.

CONTÍA INDEMNIZABLE.

O fundamento xurídico terceiro do Auto do 22 de marzo de 2011 en relación á cuantificación da obriga, establece que sen prexuízo da súa ulterior concreción, e en aras a facilitar a determinación da cantidade que ha de ser obxecto de pagamento, hase de apoiar nesta Resolución o informe emitido polo Interventor Xeral Municipal, quen **a data 26 de febreiro de 2010**, calculou as seguintes partidas (totalizando **10.481.522,87 euros**):

- Valor do aproveitamento urbanístico: 5.157.910,39€.
- Xuros legais do aproveitamento: 4.590.787,54€.
- Gastos realizados pola demandante: 554.318,11€
- Xuros correspondentes aos gastos: 178.506,74€

Pola súa parte o Auto do 20 de xullo de 2011 na súa parte dispositiva acorda manter os termos do Auto do 22 de marzo de 2011, coa única modificación consistente en que o termo final de cumprimento se sitúa dentro dun mes, contado desde a notificación desta resolución.

Agora ben no apartado quinto nos antecedentes de feito do Auto do 20 de xullo de 2011, ao referirse ao plan de pagamentos que acordou a Xunta de Goberno Local o día 4 de maio de 2011 faise referencia a que a **débeda actualizada a 24 de marzo de 2011** acada a cantidade de **10.726.287,00 euros**.

Incorpórase ao efecto no expediente o informe do xefe dos Servizos Centrais de Urbanismo de data 24 de marzo, no que se cifra o citado importe en **10.726.287,86 euros**, o que pon de manifesto un erro por importe de 0,86

euros entre o importe aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 4 de maio de 2011 e posteriormente comunicado ao Xulgado, e a cifra do citado informe, cifra que supón un incremento da contía a pagar en máis de 240.000 euros.

Desglose por conceptos do importe a abonar a "Miraflores Vigo S.A."	A data 26.02.10	A data 24.03.11	Incremento
- Valor aproveitamento	5.157.910,39	5.157.910,39	
- Xuros legais do aproveitamento	4.590.787,54	4.811.800,47	221.012,93
- Gastos realizados pola demandante	554.318,11	554.318,11	
- Xuros correspondentes aos gastos	178.506,74	202.258,89	23.752,15
	10.481.522,78	10.726.287,86	244.765,08

A cantidade á que ascende o crédito extraordinario é a que consta no Auto do 20 de xullo de 2011, e que reflicte a actualización feita a data 23 de marzo de 2011 do importe a aboar a demandante, polo que non comprende os intereses que se devenguen á data do efectivo pagamento.

Debe terse en conta que a débeda coa demandante aumenta substancial e constantemente, como consecuencia do devengo de intereses, a partir da data na que se ditou a sentenza, na que se fixa o "*dies a quo*" para o devengo dos intereses legais correspondentes á valoración do aproveitamento a data de 31 de xaneiro de 1994, mentres que o "*dies a quo*" dos gastos realizados pola demandante o constitúe, para cada gasto, a data no que o mesmo se produce (sen prexuízo da súa actualización no día efectivo de aboamento).

EXPEDIENTE

Como xa se indicou o 31 de agosto tivo entrada de novo nesta Intervención Xeral o expediente que regula unha modificación dos orzamentos vixentes (crédito extraordinario) tramitada directamente pola Concellaría de Economía e Facenda para facer fronte á indemnización que se corresponde coa Sentenza nº 266/06, Sentenza de apelación nº 711/2008, Autos do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 do 9 de febreiro de 2010, do 22 de marzo de 2011 e do 20 de xullo de 2011 .

O expediente confórmao a documentación relacionada co asunto (autos, sentenza, escritos, etc), e ademais:

- Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 8 de agosto, no que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer para poñer fin o devengo de xuros de demora e polo tanto un prexuízo para o orzamento e a tesourería
- Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 9 de agosto de corrección do anterior, no que se varía unha das baixas que financia a modificación de crédito, (se substitúe a "Beirarrúas Ad. Castelao", por importe de 125.000 euros, por "Adquisición e reforma centros servizos sociais", polo mesmo importe) e ademais resolve a incoación pola vía de urxencia do presente expediente.
- Decreto da Alcaldía-Presidencia do 30 de agosto, de corrección do anterior de data 9 de agosto, no que se rectifica en 0,86 céntimos de euros a

cuantificación da débeda

- Proposta da concelleira de Economía e Facenda de data 24 de agosto de 2011
- Proposta da concelleira de Economía e Facenda de data 30 de agosto, de corrección da anterior de data 24 de agosto, na que se axusta o seu contido ao Decreto de 30 de agosto
- Informe de data 24 de marzo de 2011 do Xefe dos Servizos Centrais de Urbanismo, no que se desglosa e cuantifica o importe a aboar a “Miraflores Vigo, S.A.”, que a dita data queda cifrado en 10.726.287,86 euro.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

En relación co cumprimento da Sentenza:

O artigo 106 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, establece que, cando a Administración fose condenada ao pago de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pago con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pago fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

Á cantidade a que se refire o apartado anterior engadiráselle o xuro legal do diñeiro, calculado desde a data de notificación da sentenza ditada en única ou primeira instancia.

Na mesma liña, o artigo 173.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que a autoridade administrativa encargada da execución acordará o pagamento na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pago fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse ao Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

O artigo 112 da Lei 29/1998, establece que transcorridos os prazos sinalados para o total cumprimento do fallo, o Xuíz ou o Tribunal adoptará, previa audiencia das partes, as medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado.

Singularmente, acreditada a responsabilidade, previo apercibimento do Secretario xudicial notificado persoalmente para a formulación de alegacións, o Xuíz ou a Sala poderán:

- Impoñer multas coercitivas de cento cincuenta a mil cincocentos euros ás autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do Xulgado ou da Sala, así como reiterar estas multas ata a completa execución do fallo xudicial, sen prexuízo de outras responsabilidades patrimoniais a que houbese lugar.
- Deducir o oportuno testemuño de particulares para esixir a responsabilidade

penal que puidese corresponder.

En relación coa modificación orzamentaria que se propón:

O art. 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando sexa necesario realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista no presuposto da Corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. Así mesmo a tramitación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito regúlanse no artigo 36 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e na Base 8ª das de execución do orzamento vixente.

O expediente que se está a tramitar prevé a asignación de crédito para a realización de gastos para os que non existe crédito no presuposto, polo que estamos ante unha modificación orzamentaria cualificada como crédito extraordinario.

A xustificación ou motivación da modificación de presupostos á que fai referencia o art. 177.1 do TRLRFL, atópase na propia Sentenza e na resolución da Presidencia, “dar cumprimento ao fallo xudicial e evitar maiores custos para as arcas públicas, tanto orzamentarios como de tesourería como consecuencia dos xuros que se están a devengar”.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, as partidas que son obxecto das aplicacións e orixes dos recursos, atendendo a Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 9 de agosto, son as seguintes:

Aplicación/ Concepto	Proxecto	Concepto	Aplicación dos fondos		Orixe dos fondos	
			Inicial	Aumento	Baixa	Definit.
1510.6000001	11151001	Indemnización Miraflores	0,00	10.726.287,86		
1550.6190026	11155026	Mell. contr. P.Independ., 1ª Fase			250.000,00	0,00
1550.6190028	10155028	Humaniza. Rúa Aragón, 2ª Fase			250.000,00	0,00
1550.6190030	11155030	Mell. Rúa Troncoso, 1ª Fase			200.000,00	0,00
1550.6190036	11155036	Mell. Rúa Colombia, 1ª Fase			200.000,00	0,00
1550.6190037	11155037	Subida o CUVI-Beade			250.000,00	0,00
1550.6190045	11155045	Humaniz. Cont. Parque Castrelos			100.000,00	0,00
1550.6190046	11155046	Hum. cont. Casás Matamá-Paz, Comesaña			120.000,00	0,00
1550.6190061	11155061	Humaniz. contorno Rúa Toledo			100.000,00	0,00
1550.6890091	11155092	Escultura contorno Praia de Bouzas			100.000,00	0,00
1710.6090000	11171000	Fonte Prza da Miñoa			50.000,00	0,00

1710.6190001	11171001	Melloras zonas verdes rot. e viais		100.000,00	0,00
1710.6190002	11171002	Remodelación praza da Miñoa		50.000,00	0,00
1710.6190003	11171003	Recuperación zonas verdes		100.000,00	0,00
1710.6190004	11171004	Axardinamento contorno Balaídos		100.000,00	0,00
1710.6190006	11171006	Remodel. Xardíns Gran Vía		100.000,00	0,00
1710.6190007	11171007	Axardinamento Rúa Teuxugueiras		60.000,00	0,00
1710.6190008	11171008	Axardinam. Parqu. Rivera Atienza		60.000,00	0,00
1710.6190011	11171011	Axardinamento Med. Avd. Castelao		60.000,00	0,00
1720.6100001	11172001	Mellora ambiental Río Lagares		80.000,00	0,00
2310.6320001	11231001	Adq e ref. Centros Serv. Sociais		125.000,00	225.000,00
2410.6320000	10241000	Esc. Inf.il M. Goldar, 2ª Anualidade		160.000,00	0,00
3210.6220001	11321001	Const. Esc. Inf. Lavadores,1ªAnual.		75.000,00	0,00
3210.6220002	11321002	Const. Esc. inf. A Seara, 1ªAnual.		75.000,00	0,00
3210.6220003	11321003	Const. Esc.infl Navia,1ªanualidade		75.000,00	0,00
3210.6220004	11321004	Const. Esc.inf. Doblada,1ªAnual.		75.000,00	0,00
3210.6250000	11321000	Mobl. Equip. Escolas infantís		125.000,00	40.000,00
3210.6290008	11321008	Maquinaria equipos mantemento		20.000,00	0,00
3331.6290003	11333103	Equipamento Museo da Radio		50.000,00	0,00
3340.6220000	11334000	Adquisición local biblioteca		100.000,00	0,00
3340.6220001	11334001	1ª Fase centro Social a Miñoa		100.000,00	0,00
3340.6320001	11334002	Adecu.local museo xoguete Fase I		200.000,00	0,00
3360.6190001	11336001	Melloras Casco Vello		190.000,00	30.000,00
3360.6220055	10453155	Adec. Prox.expositivo Pinacoteca		92.000,00	
3410.6090058	10452158	Melloras inst. Deport. Par.Barreiro		60.000,00	90.000,00
3410.6190001	11341001	Melloras contorno Pavillón de Coia		50.000,00	0,00
3410.6190002	11341002	Mellora contorno pavillón Navia		200.000,00	30.000,00
3410.6220000	11341000	Campo fútbol e grada Barreiro-Madrea		600.000,00	0,00
9240.6220005	11924005	Creación centros de estudo		100.000,00	0,00
9240.6250006	11924006	Mobiliario e equipamento		10.000,00	0,00
9240.6260007	11924007	Equipos informáticos		20.000,00	0,00
870.00		Remte. de Tesourería Gastos Xerais		5.894.287,86	
		Total orixes e aplicacións		10.726.287,86	10.726.287,86

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (crédito extraordinario) por un importe de 10.726.287,86 euros, teñen o seu orixe en baixas doutras aplicacións por unha contía de 4.832.000,00 euros, e o resto, por unha contía de 5.894.287,86 euros, financíase con cargo ao remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais dispoñible da liquidación do orzamento do ano 2010.

En relación coas baixas por anulación, obsérvase o cumprimento do previsto no artigo 50 do RD 500/1990 no relativo a que as baixas en cada aplicación contable non superan a contía correspondente ao saldo de crédito, tras constarse que non existen créditos retidos, autorizados ou comprometidos con cargo ás mesmas.

Aos efectos de dar cumprimento o regulamentado no artigo 49 do TRLRFL, o importe das baixas que teñen a súa orixe en aplicacións orzamentarias financiadas co préstamo a longo prazo concertado no ano 2011 coa entidade financeira BBVA, e que ascenden a un total de 4.832.200,00 euros, deberán ter a finalidade de financiar o importe principal da Sentenza, é dicir, aquela débeda asociada a valoración da expropiación dos terreos (aproveitamento urbanístico), fixada segundo o Auto do 22 de marzo de 2011 en 5.157.910,39 euros.

Para o financiamento do resto do principal da Sentenza e dos gastos, redacción de proxectos, xuros de demora e demais (5.894.287,86 euros), empregaranse os recursos do remanente líquido de tesourería para gastos xerais derivado da liquidación do orzamento do ano 2010, sendo o saldo dispoñible a esta data de 77.169.359,57 euros.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e a suma dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLFL e ao contido do art. 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais e ao capítulo III do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, as entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus presupostos axustándose ao principio de estabilidade presupostaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade presupostaria calquera alteración dos presupostos definitivamente aprobados.

Se ben o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 establece que o informe sobre a estabilidade presupostaria se emitirá de forma independente, incorpórase no presente epígrafe a avaliación do seu cumprimento.

Así indicar que hai unha parte do financiamento da presente modificación que non xera desestabilidade, xa que como a aplicación que é obxecto de incremento corresponde ao capítulo VI do estado de gastos e é financiada en parte con baixas do capítulo VI, non procede realizar axuste ningún.

Por outra banda, e como xa sinalamos anteriormente, o outro recurso que financia parte da modificación orzamentaria que se informa, é o remanente

líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñibles da liquidación do ano 2010, que se imputa ao capítulo VIII da estrutura do estado de ingresos. Esta imputación por si mesma producirá un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria, dado que a modificación suporá un incremento de gastos non financeiros e o recurso que os financia terá natureza financeira en razón á súa imputación contable, co cal, e no suposto de verificarse un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado polo Goberno, xurdiría a obrigación legal da elaboración e tramitación dun plan económico-financieiro corrector do desequilibrio producido nos termos expostos anteriormente.

Agora ben, o artigo 21 do Real Decreto 1463/2007, regula o momento da aprobación destes plans económico-financeiros polo Pleno da Corporación, facéndolos coincidir coa mesma sesión en que se aprobe o orzamento ou as súas modificacións, mediante acordo expreso ao efecto, no caso de que sexa o propio orzamento inicial ou as súas modificacións posteriores as que incumpran o obxectivo. Non entanto iso, o propio precepto exceptúa da aprobación nese momento do plan económico-financieiro de restablecemento do equilibrio cando a modificación que provoque o incumprimento se financie con Remanente de tesourería para gastos xerais; nese caso, a verificación do incumprimento do obxectivo de estabilidade queda diferida á liquidación do orzamento de que se trate, e no caso de manterse o desequilibrio obrigaría á elaboración e tramitación dun plan de reequilibrio nas condicións que se veñen indicando.

En canto ás consecuencias do incumprimento deste principio de estabilidade orzamentaria, recóllense no artigo 22 da citada Lei e consisten, de non alcanzarse tal obxectivo, na obrigación de aprobación polo Pleno da Corporación, no prazo de tres meses, dun plan económico-financieiro de reequilibrio a un prazo de tres anos. En igual sentido maniféstase o artigo 19 do Real Decreto 1463/2007.

É dicir, a modificación orzamentaria proxectada provoca un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria, polo importe do remanente de Tesourería que se pretende utilizar (5.894.287,86 euros), o que ten como consecuencia o incumprimento do obxectivo de estabilidade; pero dado o tipo de recurso que se propón para financiar a modificación, non sería necesario, a pesar do incumprimento do obxectivo de estabilidade, a elaboración dun plan económico-financieiro para a súa corrección, senón que tal circunstancia debe verificarse no momento da liquidación do orzamento do ano en curso.

TRAMITACIÓN

Unha vez aprobada inicialmente a modificación presupostaria polo Pleno, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, logo do seu anuncio no Boletín Oficial de Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e interpoñer reclamacións.

De non se presentar reclamación ningunha no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a

definitiva, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De se presentar reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das reclamacións así como a aprobación definitiva da modificación presupostaria ao citado órgano.

Conforme ao previsto no artigo 29.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, da presente modificación deberá darse conta á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais no prazo máximo de 15 días hábiles desde a súa aprobación.

CONCLUSIÓN

O presente expediente de modificación dos orzamentos nº 59/2011 por un importe de 10.726.287,86 euros axústase no seu contido ao previsto no TRLRFL, no Real Decreto 1463/2007 e no Real Decreto Lexislativo 2/2007, sendo os órganos, tanto o propoñente como o que debe adoptar a resolución os competentes de acordo ao previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, como as delegacións de competencias vixentes, polo que esta Intervención Xeral Municipal infórmaa favorablemente, a expensas non obstante, dos reaxustes que se poidan producir no futuro no ámbito da execución desta Sentenza a consecuencia dos maiores intereses que se devenguen ata a data do efectivo pagamento, e sen prexuízo de que en ningún caso se valora a incidencia que a modificación orzamentaria que se tramita poida ter na consecución dos obxectivos fixados no orzamento.

A estes efectos deixar constancia de que "*dies a quen*" do devengo de intereses é o día do efectivo pagamento, polo que o importe do crédito extraordinario que se informa non é suficiente para facer fronte ao pagamento dos mesmos ata esa data.

Finalmente indicar que por parte de esta Intervención Xeral dáse observancia ao carácter de urxencia na tramitación do expediente, que se deriva do Decreto de incoación da Alcaldía de data 9 de agosto posteriormente corrixido por outro de data 30 de agosto de 2011, mediante o cumprimento do establecido no artigo 50 en relación co artigo 83.2 ambos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común."

Na mesma data do 2 de setembro, a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a seguinte ampliación de proposta:

"Á vista do Informe da Intervención Xeral de data 2 de setembro de 2011 no que se sinala que

"...deixar constancia de que "dies a quen" do devengo de intereses é o día do efectivo pagamento, polo que o importe do crédito extraordinario que se informa non é suficiente para facer fronte ao pagamento dos mesmos ata esa data", esta concellería propón:

Considerar como "dies a quen" do devengo de intereses o 15 de outubro de 2011. A necesidade de estimar esta data deriva da conveniencia de establecer un prazo suficiente, mesmo con termo que excede ao fixado na propia resolución xudicial, na medida en que o expediente de modificación de crédito pode ser obxecto de reclamación na vía administrativa. Así mesmo indicar que pola propia natureza do crédito extraordinario o seu importe ten carácter limitativo é máximo.

O incremento que polas razóns anteriormente expostas se prevé, ascende a 128.329,52 euros e financíase con remanente líquido de Tesourería.

Polo que o crédito extraordinario fixado na proposta de data 30 de agosto en 10.726.287,86 euros debe entenderse elevado a 10.854.617,38 euros.

Así mesmo a orixe dos fondos con cargo ao remanente líquido de Tesourería fixado na citada proposta na cantidade de 5.894.287,86 euros pasa a ser de 6.022.617,38 euros.

En consecuencia e de acordo co exposto, a modificación orzamentaria que se propón, co detalle a nivel de aplicacións orzamentarias que se contén na proposta inicial do 30 de agosto de 2011, quedará nos termos seguintes:

	<u>Aplicacións..</u>	<u>Orixes</u>
Crédito extraordinario	10.854.617,38	
Baixas por anulación		4.832.000,00
Remanente líquido Tesourería p ^a Gastos Xerais		6.022.617,38
Total	10.854.617,38	10.854.617,38

A comisión informativa de Economía e Facenda, en sesión do 6 de setembro de 2011, por maioría, ditaminou favorablemente o expediente.

Emenda presentada polo voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. López Font, en escrito de data 8 de setembro, durante o curso do debate:

Deducir do Decreto:

10155028	Humanización da Rúa Aragón, 2 ^a Fase	100.000€
10241000	Escola Infantil M.Goldar, 2 ^a Anualidade	160.000€
11321001	Const. Esc. Infantil Lavadores, 1 ^a Anualidade	75.000€
11321004	Const. Esc. Infantil Doblada, 1 ^a Anualidade	75.000€
11321003	Construc. Esc. Infantil Navia, 1 ^a Anualidade	75.000€
Total	485.000€	

Incorporar ao Decreto:

11155027	Mellora rúa Brasil,1ªFase	100.000€
11155029	Mellora rúa P. Colmeiro, 1ªFase	65.000€
10155032	Humanización Martínez Garrido	75.000€
10155033	Humanización rúa Ramón Nieto,Fase 2	50.000€
11155034	Mellora rúa Dr. Marañón, 1ªFase	75.000€
11155035	Mellora rúa Menéndez Pelayo, 1ªFase	70.000€
11171005	Investiment. en parques infantís e biosaudables	50.000€
	Total	485.000€

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O Pleno extraordinario é para facer fronte a un Auto xudicial que é unha Sentenza contra este Concello polo convenio de Miraflores. Trátase dun convenio que se aprobou polo Pleno no ano 1992 sendo alcalde D. Carlos González Príncipe. Como se pode comprobar, trátase dunha operación nefasta e calamitosa para este Concello porque supón un desembolso de once millóns de euros.

Hai que dicir que a primeira Sentenza negativa para este Concello deuse en outubro do ano 2006 cando gobernaba o Partido Popular na cidade de Vigo e o que fixo o goberno do Partido Popular foi embarcarse nun proceso xudicial que atrasou o caso e fixo aumentar aínda máis o tamaño da débeda. Unha reclamación que ademais non tiña sentido porque, tal e como di o fallo seguinte, ratifícase no fallo da primeira Sentenza e polo tanto se desestima o recurso de Miraflores.

Unha vez que chegamos a este goberno e somos coñecedores de dita Sentenza nos poñemos en marcha para lle facer fronte do xeito menos gravoso para o Concello xa que entendemos que os cidadáns non teñen por que pagar a nefasta xestión urbanística doutros alcaldes anteriores. Por iso se puxo en marcha un orzamento no que se contemplaba esa indemnización, tamén unha venda de solo para facer fronte a esa indemnización e propuxéronse ó xuíz distintos plans de pagamentos. Agora no mes de xuño chegounos un Auto que nos obriga a facer fronte a ese pagamento en menos dun mes, sen contar o mes de agosto.

Ese pagamento é o que traemos aquí, un pagamento ó que se vai poder fronte con remanentes por valor de seis millóns gracias á xestión deste Concello que soubo manexar a Tesourería, soubo xerar intereses suficientes nas súas contas e uns aprazamentos, que non eliminacións de investimentos, por valor de 4,8

millóns de euros. Os investimentos aprazaranse tres meses porque se van incorporar o 1 de xaneiro no orzamento do ano 2012. Ademais se vai proceder de novo a unha venda de solo para recuperar eses investimentos e, tal e como aparecía no estado de execución do orzamento, neste momento, este ano aínda hai 40 millóns dos que podemos dispoñer para executar, polo tanto en ningún momento hai nin unha paralización, nin un freo, nin nada en absoluto dos investimentos deste Concello.

En calquera caso e vistas as noticias, estamos abertas a calquera proposta, a calquera diálogo porque entendemos que é unha responsabilidade de todos facer fronte a algo ó que estamos obrigados e en calquera caso entendemos que o que vai na proposta son aprazamentos, non son retiradas nin renunciacións.

Xa que estamos abertos ás propostas nós, en vista do que vimos ultimamente, decidimos manter e polo tanto non vai haber aprazamento nas partidas da Escola infantil "Mestres Goldar", Escola infantil "Lavadores", Escola infantil "Dobrada", Escola infantil de Navia e na humanización da rúa Aragón. O que se vai aprazar para facer compensación con estas partidas é a rúa Brasil I Fase, rúa Colmeiro I Fase, pero tampouco polas súas contías totais. Vou dicir as contías: Rúa Brasil 100.000 euros, Pintor Colmeiro 65.000 euros, Martínez Garrido 75.000 euros, Ramón Nieto 50.000 euros, Doutor Maraño 75.000 euros, Menéndez Pelayo 70.000 e parques infantís e bio-saudables 50.000 euros. É unha modificación á proposta de 485.000 euros e en ningún caso supón unha anulación de todas estas humanizacións, senón sinxelamente que se difiren ata o 1 de xaneiro estas cantidades.

SRA. VELOSO RÍOS: Hoxe temos que debater e votar unha modificación orzamentaria para facer fronte ó pagamento de case once millóns de euros correspondentes á indemnización á Sociedade Miraflores Vigo, S.A., coñecida como Sentenza de Miraflores. É moi coñecida en toda a cidade porque realmente este é un "culebrón" que estamos a vivir nesta cidade dende 1992 e converteuse nunha serie de despropósitos que nos traen hoxe aquí. A unha decisión inicial de que non fose o Ministerio quen allease os terreos para a construción do primeiro cinto, logo seguiu unha serie de decisións erráticas que foron engadindo problemas económicos e xurídicos, foron sucedéndose logo os convenios que

finalmente remataron nesta Sentenza á que temos que facer fronte dende o Concello de Vigo.

Como ben explicou a concelleira, Sra. Díaz, houbo un primeiro convenio asinado por D. Carlos González Príncipe que hoxe é o inimigo número un da cidade por cuestións puramente partidistas, como ben sabemos, pero hai que dicir que non é o único responsable. Dende logo que dende o 92 non podemos achacar unha situación como esta, unha Sentenza tan tremenda para o Concello de Vigo a unha única persoa. Coido que iso é de caixón e calquera o pode entender.

É certo que el mesmo tivo serias dúbidas polas decisións tomadas como voceiro do Partido Socialista, non de maneira persoal; lembremos iso. De feito, cando logo dese primeiro convenio chegou o segundo convenio asinado por D. Manuel Pérez, alcalde do Partido Popular, o PSOE nese Pleno abstívose e logo da votación o Sr. González Príncipe interveu para solicitar cambiar o voto do Partido Socialista. Podemos ver a acta do 3 de agosto de 1998.

Así que como vemos o que houbo foi un “enorme sentido da responsabilidade” (evidentemente estou falando con retranca) por parte dos dous grupos políticos que aprobaron este convenio que hoxe nos custa case once millóns de euros.

O único goberno que chegou a un acordo para buscar unha solución a todos estes despropósitos foi o presidido por D. Lois Castrillo. Fíxose un terceiro convenio que desgraciadamente o alcalde que chegou despois, D. Ventura Pérez Mariño, que exerceu de letrado e xuíz en troques de alcalde, considerou que era un convenio que prexudicaba ó Concello porque a estimación do custe era demasiado elevada e así mesmo estimaba que o custe deste alleamento non podería ser de tres millóns de euros máis ou menos. A realidade é que agora nos custa practicamente once millóns. Podemos revisar as actas de todos estes anos, tanto as da Xerencia de Urbanismo como do Pleno do Concello, e seguramente acabaremos toleando.

Pero hoxe o que estamos debatendo xa é unha modificación orzamentaria para facer fronte ó pagamento dunha Sentenza que evidentemente temos que pagar e como a temos que pagar, dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que temos que chegar a un acordo neste Concello sobre de onde sacar os cartos.

Dende o goberno municipal se nos fai unha proposta. Unha vez convocado este Pleno extraordinario puidemos ver o expediente e é unha proposta na que se

adían investimentos como aclarou agora a concelleira, non é que se anulen ou eliminen. Nós entendemos que cando decidimos adiar investimentos hai investimentos que teñen que ser prioritarios fronte outros. Xa debatemos no Pleno anterior sobre as humanizacións das rúas, xa deixamos moi clara cal é a posición do Bloque Nacionalista Galego fronte esta cuestión e, unha vez que vimos o expediente, nós entendemos que algo prioritario son as escolas infantís fronte ás humanizacións. Coido que calquera pode entender que unha humanización dunha rúa pode agardar un, dous anos pero un neno ou unha nena que precisa unha praza nunha escola infantil pública das que andamos tan escasos na nosa cidade porque ademais non hai un investimento autonómico para crear prazas públicas de escolas infantís na nosa cidade, necesita ser atendido.

Por iso a nós nos parece moi oportuna esta proposta de modificación de crédito extraordinario para que se conserven neste ano os investimentos en escolas infantís.

SR. FIGUEROA VILA: Neste expediente hai tres etapas totalmente distintas e moi diferenciadas. A primeira ven das consecuencias do urbanismo do Partido Socialista na cidade de Vigo dende o ano 1992 cando se inicia a tramitación deste expediente, expediente que a partir de aí ten diversas situacións e posicionamentos en canto a decisións que se foron tomando, pero en calquera caso o inicio das consecuencias está no ano 1992, foi unha decisión incorrecta e errada que trae graves consecuencias. A consecuencia é unha indemnización de preto de 2.000 millóns das antigas pesetas que teremos que pagar das arcas municipais todos os veciños e veciñas da cidade de Vigo. Estas son as consecuencias reais, unha Sentenza por unha decisión iniciada no ano 1992. Despois evidentemente calquera poderá manipular ou dicir o que lle pete pero a decisión nace aí, ven dun goberno do Partido Socialista.

A segunda etapa que coido que é importante dentro deste expediente ven de outubro do ano 2008, cando xa hai unha Sentenza firme. O tempo acaba dando a razón ó Partido Popular porque presentamos alegacións ós orzamentos xa no ano 2010 argumentando que había unha Sentenza firme que a había que incluír e que máis cedo ou máis tarde a habería que pagar. Esta situación trouxo 640.000

euros máis de intereses. Sabiamos que había que pagar esta indemnización que viña dunha Sentenza firme dende outubro do ano 2008 ata o día de hoxe significan 640.000 euros máis de intereses.

A maiores, estamos no terceiro escenario que é de onde sacamos ese diñeiro e contra do que o sacamos. Nós fixemos xa un traballo dende a oposición, por iso que ás veces se di que a oposición non fai o seu traballo, neste caso si o fixo e presentamos alegacións. Se vostedes nos fixeran caso e esta Sentenza se incluíse dentro do orzamento do ano 2011 ou nunha modificación no ano 2010, o tema estaría resolto en canto ás modificacións e ás retiradas de partidas que agora teñen que facer.

Evidentemente que nós non estábamos de acordo en suprimir partidas relacionadas con escolas infantís ou con temas de educacións, pero así o fixeron. Parece que agora chegan a un acordo porque o Bloque está forzando ó Partido Socialista que non tiña esa idea. En calquera caso a nós esa situación nos parece correcta pero evidentemente non temos a responsabilidade de gobernar e de decidir de onde sacar as partidas, polo tanto neste tema nos imos abster.

Señores do goberno, mañá nós imos presentar outra proposta ós orzamentos. Hai unha segunda Sentenza firme de preto de tres millóns de euros que é sobre a Unidade de Actuación Nebrija. Recomendámoslle e solicitamos do goberno que se faga o correspondente expediente para que se inclúa tamén e non se xeren máis intereses de demora. Non sei que fará o goberno, supoño que o mesmo que cando no ano 2010 presentamos a proposta de inclusión do pagamento de Miraflores e Nebrija. Coido que a indemnización de Nebrija está ó caeren, xa é firme, recorreron, están intentando atrasar o tema pero ó final o Concello está pagando os intereses de demora.

O grave da situación é que esta é a Sentenza coa indemnización máis elevada da historia desta cidade, son 2.000 millóns das antigas pesetas que todos os vigueses e viguesas imos ter que pagar pola decisión política en urbanismo do Partido Socialista.

Eu non quero entrar en máis consideracións persoais de ningún tipo. Están vostedes hoxe nunha liorta nos medios de comunicación. Nós non entramos nin queremos saber nada diso, pero o que está claro é que por unha decisión tomada no ano 92 temos que pagar 2.000 millóns das antigas pesetas máis dous millóns

e pico de euros da próxima decisión sobre a Unidade de Actuación Nebrija que tamén ven dunha etapa similar.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: En algo coincidimos o Partido Popular e o Partido Socialista, en que todo se deriva dunha mala xestión urbanística e de quen toma a decisión no seu momento.

Pero á parte diso, de que o responsable é quen toma a decisión no seu momento, a realidade é que pasaron moitos anos e xa se dixo aquí que houbo convenios e decisións do Partido Popular coas que o xuíz tampouco estivo de acordo, polo tanto en contra dos intereses deste Concello. Vostede moi ben dixo que non ían asumir responsabilidade, pero eu coido que responsabilidade teñen porque nestes dez anos, nestes anos que pasaron e nos que vostedes tomaron decisións, tomaron tamén decisións erradas. Pero se volvemos á súa propia argumentación, cando di que o responsable é quen toma a decisión primeira, entón imos falar de Finca do Conde porque, quen tomou a decisión primeira de dar unhas licencias ilegais en Finca do Conde? O señor que teño sentado enfronte, o Partido Popular. Iso son trescentos millóns de euros. Imos ver se cando caía esa Sentenza firme se presenta e di: “agora si que somos responsables porque fomos nós quen tomamos unha decisión en contra dos informes técnicos do Concello” que iso é o grave, en contra dos informes técnicos.

Erra de novo nas datas. Hai unha Sentenza en contra deste Concello cando gobernaba a Sra. Porro pero, que pasou? Que lle encantaba facer á Sra. Porro? Recorrer sabendo que os seus recursos non chegaban a ningures, que xa o estamos vendo con todos os seus recursos que resultan falidos e este tamén resultou falido. Polo tanto o que estivo facendo todo o tempo o Partido Popular foi tirar cara adiante, non tomar ningunha responsabilidade, mirar cara outro lado. Pero hai que ser responsables e asumir que o convenio con Manuel Pérez tampouco foi un bo convenio e por iso hoxe estamos aquí. Temos que asumir que mentres estaba gobernando a Sra. Porro tamén se tomou unha decisión errónea de trasladar.

Pero fronte todas esas decisións tomáronse boas decisións en Tesourería que supuxeron aforros anuais de 200.000 euros, sinxelamente unha decisión de decidir que os préstamos en troques de pagalos a 1 de xaneiro, pagalos a 31 de

decembro. Unha decisión que sinxelamente son dúas palabras e iso fixo que este Concello aforrase 200.000 euros porque isto, que non era responsabilidade nosa, íanos caer enriba.

Hoxe estamos aquí por responsabilidade e como dicíamos antes, non vai haber anulacións de investimentos senón que vai haber un sinxelo aprazamento. Temos xa deseñada toda a política de investimentos para o ano que ven e polo tanto non vai haber atraso nin ningunha caída porque este goberno sempre actuou con responsabilidade e de cara e de fronte ós cidadáns. Si, a nosa obriga é pagar, ogalla non tivésemos que estar hoxe aquí, pero tamén lle digo que ogallá dentro de dez anos non teñamos que estar aquí para pagar os 300 millóns de Finca do Conde, ogallá e senón nos veremos as caras.

SR. FIGUEROA VILA: Quero presentar unha cuestión de orde. A min gustaríame que cando se reabra un debate sobre outro tema que nos dean a oportunidade de defendérmonos.

A PRESIDENCIA: Aplicarémolo firmemente para todo o mundo a partir de agora. A partir de agora cada vez que se abra un tema nun debate que non teña que ver coa moción abriremos o debate para todos.

SR. FIGUEROA VILA: Eu pido que se se reabra un debate concreto cunha acusación concreta que se nos deixe rebatelo.

A PRESIDENCIA: Si, pero o aplicamos para todas as intervencións que haxa a partir de agora.

Votamos coa emenda que obra en poder dos grupos e que presentamos coa alteración dalgunhas deducións de gastos e algúns incrementos, singularmente se volven establecer como contías de investimentos: Humanización rúa Aragón, Escola infantil Mestres Goldar, Escola infantil Lavadores, Escola infantil Doblada e Escola infantil de Navia.

A Alcaldía-Presidencia somete a votación a proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de data 30 de agosto, así como á ampliación á devandita

proposta de data 2 de setembro, xuntamente coa emenda presentada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, documentos todos transcritos anteriormente nesta acta.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 59/2011, pola vía de URXENCIA por unha contía de 10.854.617,38 euros, para facer fronte á sentenza nº 266/06, sentenza de apelación nº 711/2008, Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 do 9 de febreiro de 2010, 22 de marzo de 2011 e de xullo de 2011 en relación coa mercantil Miraflores Vigo, SA.

Segundo.- A modificación orzamentaria que se está a tramitar e que se somete a consideración do Pleno da Corporación, financiarase en parte con baixas por anulación nas aplicacións que máis abaixo se relacionan e o resto con cargo ao remanente líquido de Tesourería dispoñible da liquidación do orzamento do ano 2010. As baixas e anulacións, teñen a súa orixe no préstamo concertado co BBVA para financiar o plan de investimentos do ano 2011.

Terceiro.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, as orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son as seguintes:

Aplicación/ Concepto	Proxecto	Concepto	Aplicación dos fondos		Orixe dos fondos	
			Inic.	Aumento	Baixa	definitivo
1510.60000	111510	Indemnización Miraflores	,00	10.854.617,		

01	01			38		
1550.61900 26	111550 26	Mell. cont. P.Independencia,1ª Fase			250.000,00	,00
1550.61900 28	101550 28	Humaniza. Rúa Aragón, 2ª Fase			150.000,00	,00
1550.61900 30	111550 30	Mell. Rúa Troncoso, 1ª Fase			200.000,00	,00
1550.61900 36	111550 36	Mell. Rúa Colombia, 1ª Fase			200.000,00	,00
1550.61900 37	111550 37	Subida ao CUVI-Beade			250.000,00	,00
1550.61900 45	111550 45	Humaniz. contorno Parque Castrelos			100.000,00	,00
1550.61900 46	111550 46	H cont.Casás Matamá-Paz, Comesaña			120.000,00	,00
1550.61900 61	111550 61	Humaniz. contorno Rúa Toledo			100.000,00	,00
1550.68900 91	111550 92	Escultur contorno Praia de Bouzas			100.000,00	,00
1710.60900 00	111710 00	Fonte Pr. da Miñoa			50.000,00	,00
1710.61900 01	111710 01	Melloras zonas verdes rotondas e viais			100.000,00	,00
1710.61900 02	111710 02	Remodelación praza da Miñoa			50.000,00	,00
1710.61900 03	111710 03	Recuperación zonas verdes			100.000,00	,00
1710.61900 04	111710 04	Axardinamento contorno Balaídos			100.000,00	,00
1710.61900 06	111710 06	Remodel. Xardíns Gran Vía			100.000,00	,00
1710.61900 07	111710 07	Axardinamento Rúa Teuxugueiras			60.000,00	,00
1710.61900 08	111710 08	Axardinamento Parq. Rivera Atienza			60.000,00	,00
1710.61900 11	111710 11	Axardinamento Med. Avd. Castelao			60.000,00	,00
1720.61000 01	111720 01	Mellora ambiental Río Lagares			80.000,00	,00
2310.63200 01	112310 01	Adq e Reforma Centros Serv. Sociais			125.000,00	225.000, 00
3210.62200 02	113210 02	Const. Esc. Infantil A Seara 1ª anual.			75.000,00	,00
3210.62500 00	113210 00	Mobl. Equip. Escolas infantís			125.000,00	40.000,0 0
3210.62900 08	113210 08	Maquinaria equipos mantemento			20.000,00	,00

3331.62900 03	113331 03	Equip. Museo da Radio			50.000,00	,00
3340.62200 00	113340 00	Adquisición local biblioteca			100.000,00	,00
3340.62200 01	113340 01	1ª Fase centro Social a Miño			100.000,00	,00
3340.63200 01	113340 02	Adecu. local museo xoguete Fase I			200.000,00	,00
3360.61900 01	113360 01	Melloras casco vello			190.000,00	30.000,00
3360.62200 55	104531 55	Adec. proxecto expositivo			92.000,00	
3410.60900 58	104521 58	Melloras inst. deport. Par. Barreiro			60.000,00	90.000,00
3410.61900 01	113410 01	Melloras contorno Pavillón de Coia			50.000,00	,00
3410.61900 02	113410 02	Mellora contorno pavillón Navia			200.000,00	30.000,00
3410.62200 00	113410 00	Campo fútbol e grada Barreiro/Madrea			600.000,00	,00
9240.62200 05	119240 05	Creación centros de estudo			100.000,00	,00
9240.62500 06	119240 06	Mobiliario e equipamento			10.000,00	,00
9240.62600 07	119240 07	Equipos informáticos			20.000,00	,00
1550.61900 27	111550 27	Mellora r/Brasil 1ª fase			100.000,00	100.000,00
1550619002 9	111550 29	Mellora r/P. Colmeiro, 1ª fase			65.000,00	150.000,00
1550.61900 32	101550 32	Humaniz. Martínez Garrido			75.000,00	175.000,00
1550.61900 33	101550 33	Hum. r/Ramón Nieto, fase 2			50.000,00	200.000,00
1550.61900 34	111550 34	Mellora r/Dr. Marañón, 1ª fase			75.000,00	150.000,00
1550.61900 35	111550 35	Mellora r/Menéndez Pelayo 1ª fase			70.000,00	160.000,00
1710.61900 05	111710 05	Inv. Parques Infant. Biosaudables			50.000,00	100.000,00
870.00		Remanente de Tesourería G. Xerais			6.022.617,38	
TOTAL ORIXES E APLICACIÓNS				10.854.617,38	10.854.617,38	

Cuarto.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (crédito

extraordinario) por un importe de 10.854.617,38 euros, teñen a súa orixe en baixas doutras aplicacións por unha contía de 4.832.000 euros, sendo reducibles en todos os casos, xa que non existen créditos retidos, autorizados ou comprometidos con cargo ás devanditas aplicacións e, o resto, por unha contía de 6.022.617,38 euros, finánciase con cargo ao remanente líquido de Tesourería para gastos xerais dispoñible da liquidación do orzamento do ano 2010.

Quinto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Sexto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Sétimo.- De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Oitavo.- Unha vez cos créditos sexan executivos, procederase a facer o pagamento de acordo á resolución xudicial na forma que o Sr. Xuíz estableza.”

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.